

Por que falamos de racismo, xenofobia e intolerancia?

O racismo divide o mundo en “razas” e afirma a inferioridade dalgúns colectivos étnicos e a superioridade do propio.

A xenofobia leva hostilidade cara ás persoas de diferente orixe nacional, a súa cultura e valores.

A intolerancia é unha actitude de rexeitamento ou desprezo cara ás persoas, a súa dignidade e os dereitos pola súa condición ou opinión diferente.



Só existe unha raza, a raza humana.

Non nacemos racistas pero aprendemos a selo.

As actitudes racistas, xenófobas e intolerantes danan a dignidade das persoas.

Como se prevén o racismo, a xenofobia e a intolerancia na escola?

Transformar as escolas en espazos inclusivos de convivencia intercultural, con valores democráticos e participación da comunidade.

Formar o profesorado e o alumnado no respecto á diversidade da condición humana e na defensa dos dereitos humanos.

Considerar a diversidade como unha oportunidade de enriquecemento.

Como detectar incidentes racistas, xenófobos ou de intolerancia?

Hai indicadores que deben facer saltar as alarmas no centro escolar:

A vítima chega tarde ou non acode ao centro escolar.

A vítima é obxecto de humillacións polos seus iguais ou polo persoal do centro.

Hai pelexas nas que se ve involucrado o alumnado pertencente a minorías.

Hai pintadas con contido racista, xenófobo ou símbolos de odio.

Hai alumnado con estética agresiva, símbolos de odio ou de ideoloxías antidemocráticas.

Como actuar ante un incidente?

Cando se está producindo



- Actúe de forma inmediata. Separe os menores.
- Sexa calmado/a e respectuoso/a con todos/as, incluídas as testemuñas.
- Non ignore o incidente: os menores non poden resolvelo sen a actuación dun adulto.
- Active os protocolos anti-acoso ou anti-violencia do centro.
- Se produciu un suceso ilícito, hai armas ou ameazas de violencia por odio, avise á policía.

Coa vítima



- Confíe no alumno ou alumna e evite facer preguntas que o culpen.
- Explíquelles con claridade ao alumno ou a alumna e á súa familia os pasos que hai que dar.
- O camarada protector pode ser de grande axuda.

Co alumnado



- Fágao partícipe das medidas que vai adoptar o centro escolar.
- Fágalle saber que non é posible estar á marxe nas agresións que outros sofren.

Cos agresores/as



- As medidas deben orientarse a asumir a responsabilidade das propias accións, ser educativas e as sancións proporcionadas.
- O alumno ou alumna debe saber que é valorado aínda que as súas accións non o sexan.

Os incidentes de acoso, racistas, xenófobos ou de intolerancia teñen consecuencias

As secuelas de acoso nas vítimas permanecen mesmo ao longo de todas as súas vidas.


Os efectos esténdese ás súas familias e á comunidade.

Que non se manifesten danos non significa que non existan.

Un só incidente basta para que a vítima sufra.

Un apoio adecuado pode mellorar as secuelas do trauma sufrido.

FORMACIÓN PARA A PREVENCIÓN E DETECCIÓN DO RACISMO, A XENOFOBIA E FORMAS CONEXAS DE INTOLERANCIA NAS AULAS é un proxecto liderado pola Secretaría Xeral de Inmigración e Emigración do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, a través do Observatorio Español do Racismo e a Xenofobia (OBERAXE), en colaboración co Centro Nacional de Innovación e Investigación Educativa (CNIIE) do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. O proxecto está financiado polo Programa Comunitario Progress 2007-2013 para o Emprego e a Solidariedade Social.



NIPO: 270-16-114-1

Para saber máis:

Manual de apoio para a prevención e detección do racismo, a xenofobia e outras formas de intolerancia nas aulas

<http://explotacion.mtin.gob.es/oberaxe>

<http://www.mecd.gob.es/educacion-mecd/mc/convivencia-escolar/inicio.html>

PREVENCIÓN E DETECCIÓN do racismo, a xenofobia e outras formas de intolerancia nas aulas



O obxectivo é mellorar a formación e sensibilización do profesorado e da comunidade educativa reforzando a imaxe positiva e a integración e inclusión das persoas inmigrantes e as minorías étnicas.

